

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE  
SETEMBRO DE 2012.**

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles. (2)
- 3.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3)
- 4.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4)
- 5.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras. (5)
- 6.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Incremento de valor dos terreos de natureza urbana. (6)
- 7.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a instancia de parte. (10)
- 8.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ó servizo de Transporte urbano de viaxeiros en automóviles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono). (11)
- 9.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos servizos especiais por Espectáculos e Transportes. (12)
- 10.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Prevención e Extinción de Incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos. (13)
- 11.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos Dereitos ou Taxas pola prestación dos Servizos dos Cemiterios Municipais. (14)
- 12.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15)
- 13.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo. (16)

- 14.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ó exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. (17)
- 15.- Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Inspección Sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza. (18)
- 16.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo. (19)
- 17.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares, e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia. (20)
- 18.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. (30)
- 19.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por Aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de Quioscos. (31)
- 20.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da Ordenanza Reguladora da Venda na Vía Pública e Espazos Abertos. (32).
- 21.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por aproveitamento especial da vía pública con Estacionamento de Vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais. (34)
- 22.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións tramitadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo así como pola Administración do Concello. (50)
- 23.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións. (51)
- 24.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos servizos que presta o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias "Vigo-Zoo" a través do seu Parque Zoolóxico. (53)

- 25.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. (60)
- 26.- Proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de Ensinanzas Especiais e outras actividades en establecementos municipais. (40)
- 27.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de RSU de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas. (42)
- 28.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización de “Verbum-Casa das Palabras”. (43)
- 29.- Proxecto de modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos por utilización das Instalacións Deportivas Municipais, pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes. (52)

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **17 de setembro de 2012 ás 14,00 horas en primeira convocatoria** e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

Vigo, 17 de setembro de 2012.

am/rs.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.